



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Jose Antonio Pereira Gil, Alcalde do concello da Baña, na data da sinatura dixital, en presenza do secretario de dito concello, emito o seguinte decreto:

Asunto: CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A PROVISIÓN URXENTE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN PEÓN DE OBRA COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR UN PERÍODO DE SETE MESES E 5 DÍAS.

Expte. TEDEC: 2024/X999/000023 (Emprego).

Expte. TEDEC: 2024/G003/000318(Decreto).

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que o artigo 20.cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogada para o ano 2024, establece que “Non se poderá contratar persoal temporal, nin realizar nomeamentos de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.”

Visto que en data 15 de marzo de 2024 se dita providencia de inicio do presente expediente de selección de persoal onde se indica que “nestes momentos por necesidades do servizo público o Concello precisa dotarse de un peón de obras con relación de carácter laboral temporal ao abeiro do Plan de Emprego Local (PEL-CONCELLOS 2024), durante un período de sete meses e 5 días.

Visto que as tarefas desempeñadas polo persoal encadrado na categoría obxecto do presente proceso selectivo resultan esenciais para o correcto funcionamento dos servizos públicos do Concello da Baña.

Vista a necesidade de dotar ao Concello da Baña de mecanismos de xestión de recursos humanos para salientar as ausencias prolongadas do seu persoal ao no dispor esta entidade de persoal que poida atenuar as posibles baixas, permisos, etc., do persoal ao seu servizo.

Visto que con data 27 de outubro de 2023, publícanse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 206 as bases reguladoras do Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia (liña 1.1. PELCONCELLOS 2024) aprobadas mediante Resolución de Presidencia nº 2023/ 39894, do 23 de outubro de 2023.

Visto que con data 30 de novembro de 2023, publícase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 229 o Extracto da Resolución número 2023/9384, de novembro de 2023, da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do Programa de axudas á contratación de



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia (liña 1.1. PEL-CONCELLOS 2023).

Visto que con data 15 de decembro de 2023, o concello da Baña acepta as referidas bases e solicita unha subvención por importe de 31.000,00€ no Decreto de Alcaldía 671/2023. Visto que con data 26 de febreiro de 2024, publícase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 40 a Resolución número 2024/1280, do 22 de febreiro, pola que se aproba a concesión das axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2024 (PELCONCELLOS).

Visto que en dita Resolución se lle concede ao Concello da Baña unha subvención por importe de 31.000,00€.

Vistas as bases reguladoras do proceso selectivo para a provisión urxente, polo sistema de concurso-oposición, dun peón de obras como persoal laboral temporal por un período de 7 meses e 5 días, no concello da Baña.

Visto que en data 16/04/2024, dítase Resolución de Alcaldía con número de Decreto 215/2024, mediante o que se aproba a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos da bolsa obxecto do presente expediente.

Visto que o non presentarse reclamacións á lista provisional, esta considerouse definitiva o día 2 de maio do 2024, por resolución de Alcaldía nº 252/2024 .

Vista a acta do día 9 de maio de 2024 do proceso selectivo formulada por unanimidade polo tribunal cualificador encargado da selección dun tractorista sedo o resultado o que segue:

“ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR ENCARGADO DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE UN PEÓN AO ABEIRO DO PLAN DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PEL-CONCELLOS 2024)

LUGAR: Finca municipal Airoa e salón de sesión da Casa do Concello.

DATA: 08 de maio de 2024

HORA DE COMEZO: 8:20 h

HORA DE REMATE: 13:30 h

ASISTENTES:

Presidenta: Manuela Sofía Abelenda Antelo, funcionaria do Concello da Baña

Secretaria: Vera Lúcia Antelo Suárez, funcionaria do Concello da Baña

Vogais: Fernando Martínez Méndez, funcionario do Concello da Baña

Argimiro Rey Fernández, oficial 1º Concello de Santa Comba

Cristina Tomé Manteiga, oficial 1º Concello de Negreira

Persoal asesor: Ricardo Torreira Pensado, persoal laboral do Concello da Baña

Carme Pereiro Felípez, funcionaria do Concello de Carballo



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Reunida a comisión para a selección de un peón de obra en réxime laboral temporal, ao abeiro das bases reguladoras aprobadas por resolución da Alcaldía con data 18 de marzo de 2024 e publicadas no BOP núm. 63 de data 1 de abril de 2024, durante 7 meses e 5 días, de acordo co establecido na base número 5 que establece o proceso selectivo das persoas candidatas.

FASE DE CONCURSO (máximo 2 puntos)

Ás 8:30 horas no salón de sesións da Casa do Concello procedeuse á avaliación de méritos dos aspirantes, cunha puntuación máxima de 2 puntos.

FASE DE OPOSICIÓN (máximo 8 puntos)

Ás 09:00 horas na finca municipal Airoa (ao lado do almacén municipal) procedeuse a realización do primeiro exercicio práctico, cunha puntuación máxima de 8 puntos.

Ás 12:00 horas no salón de sesións da Casa do Concello realizouse exame de galego dos/as candidatos/as que non dispoñían do CELGA 1, no que acadaron a seguinte cualificación:

- AMARELLE MARTÍNEZ, MÓNICA	
- ANTELO MÍGUEZ, JOSÉ RAMÓN	APTO
- BLANCO BAÑA, JOSÉ ANTONIO	NON PRESENTADO
- FERNÁNDEZ CARREIRA, JOSÉ MARÍA	APTO
- GARCÍA ESPASANDÍN, VÍCTOR MANUEL	APTO
- LEMA ESTURAO, ÓSCAR	NON PRESENTADO
- MANTEIGA RIVEIRO, JAVIER	APTO
- NIETO NIETO, MARIA SOL	EXENTA
- SEOANE CANCELA, SANTIAGO	EXENTO

NOME	DNI	ASISTENCIA	MÉRITOS	PROBA PRÁCTICA
AMARELLE MARTÍNEZ, MÓNICA	***9814**	SI	0	6,25
ANTELO MIGUEZ, JOSE RAMON	***9583**	SI	0,5	0,5
BLANCO BAÑA, JOSE ANTONIO	***5186**	NON	-	-
FERNÁNDEZ CARREIRA, JOSÉ MARÍA	***9219**	SI	0	6,50
GARCIA ESPASANDIN, VICTOR	***2460**	SI	0	7,50
LEMA ESTURAO, ÓSCAR	***3499**	NON	-	-
MANTEIGA RIVEIRO, JAVIER	***8778**	SI	0	6,75
NIETO NIETO, MARÍA SOL	***9487**	SI	0,5	5,75
SEOANE CANCELA, SANTIAGO	***5184**	SI	0,5	6,50

O tribunal cualificador propón a contratación como **peón de obra** ó seguinte candidato:

1.- GARCIA ESPASANDIN, VICTOR

En caso de renuncia, a suplencia establecerase segundo a orde da relación anterior.

O empate dirimiuse segundo a base 5 da convocatoria.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

E sen máis asuntos que tratar, o presidente declara rematada a sesión sendo ás 13:30 horas do día 8 de maio de 2024

Na data e hora das sinaturas dixitais

*A presidenta, Manuela Sofía Abelenda Antelo
A secretaria, Vera Lúcia Antelo Suárez “*

Visto a acta do tribunal do 8 de maio do 2024, Alcaldía declara a a seguinte lista definitiva de aspirantes que formarán parte da bolsa de emprego para cubrir unha praza de PEÓN DE OBRAS no Concello da Baña, ao abeiro do Plan de Emprego Local (PEL-CONCELLOS 2024) co seguinte resultado e polo orden que se indica:

1. GARCIA ESPASANDIN, VICTOR (Puntuación total: 7.5 puntos)
2. SEOANE CANCELA, SANTIAGO (Puntuación total: 7 puntos)
3. MANTEIGA RIVEIRO, JAVIER (Puntuación total: 6.75 puntos)
4. FERNÁNDEZ CARREIRA, JOSÈ MARÍA (Puntuación total: 6.5 puntos)
5. AMARELLE MARTÍNEZ, MÓNICA (Puntuación total: 6.25 puntos)
6. NIETO NIETO, MARÍA SOL (Puntuación total: 6.25 puntos)

NON APTO:

ANTELO MIGUEZ, JOSE RAMON (Puntuación total: 1 puntos)

Visto que en consonancia co disposto na BASE 7, se publicara a relación provisional de aprobados/as pola orde de puntuacións e elevará dita resolución ó Presidente da Corporación para que se proceda á aprobación da bolsa de emprego a través de Resolución de Alcaldía.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro: Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que fora delegada por decreto de Alcaldía número 410/2023 de 19/07/2023, na Xunta de Goberno Local.

Segundo: Aprobar a listaxe da persoa candidata que se contratará, a saber:

1. GARCIA ESPASANDIN, VICTOR (Puntuación total: 7.5 puntos)

Terceiro: Aprobar e publicar a listaxe de persoas suplentes, coas que se formará unha bolsa de traballo para cubrir as vacantes que eventualmente puideran xurdir, ou para atender necesidades de emerxencia e imprevistos en xeral:

1. GARCIA ESPASANDIN, VICTOR (Puntuación total: 7.5 puntos)
2. SEOANE CANCELA, SANTIAGO (Puntuación total: 7 puntos)



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

3. MANTEIGA RIVEIRO, JAVIER (Puntuación total: 6.75 puntos)
4. FERNÁNDEZ CARREIRA, JOSÉ MARÍA (Puntuación total: 6.5 puntos)
5. AMARELLE MARTÍNEZ, MÓNICA (Puntuación total: 6.25 puntos)
6. NIETO NIETO, MARÍA SOL (Puntuación total: 6.25 puntos)

Cuarto: Publicar o presente decreto no Taboleiro de Anuncios do concello e na páxina web municipal e no portal de transparencia do Concello da Baña (dentro da sede electrónica municipal):
https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/portal_transparencia/

Quinto: Concédese un prazo de DOUS (2) DÍAS HÁBILES no que os/as aspirantes poderán presentar ante o Tribunal as reclamacións que estimen oportunas á valoración provisional. Este prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello. Aquelas poderán presentarse en calquera dos rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Sexto: Requerir o candidato que achegue, no prazo máximo de dous días naturais dende a publicación da lista os seguintes documentos:

- a) Certificado de titularidade de conta bancaria.
- b) Copia da Tarxeta Sanitaria ou número da Seguridade Social.

Sétimo: Dar traslado do presente acordo á Intervención para o seu coñecemento aos efectos oportunos e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Mándao e asíno o señor alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretario- interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.